



Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Tradicións Literarias e Culturais		Código	613584110	
Titulación	Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade (plan 2016)				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Letras				
Coordinación	Ferraces Rodriguez, Arsenio	Correo electrónico	a.ferraces@udc.es		
Profesorado	Ferraces Rodriguez, Arsenio	Correo electrónico	a.ferraces@udc.es		
Web	https://coruna.academia.edu/AFerracesRodriguez/				
Descrición xeral	A materia 'Tradicións literarias e culturais' pretende levar a cabo un enfoque integrado dos feitos literarios e culturais desde as perspectivas diacrónica e comparada. O punto de partida é unha reflexión sobre os termos de tradición e legado, e as súas relacións cos conceptos de identidade cultural e canon. A continuación distinguiranse, por unha parte, os contidos e códigos formais que integran o patrimonio literario ou cultural herdado en cada momento, e, por outra, as canles mesmas de transmisión e as formas de recepción dese legado.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	Integrar os estudos literarios nun contexto cultural mais extenso que trascenda os límites dunha soa lingua e/ou nación, atendendo á diversidade cultural
A2	Ampliar o concepto de literatura, a través da súa relación coas TICS, os medios de comunicación, o cine, as artes, no marco da diversidade cultural
A5	Adquirir as habilidades necesarias para analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación
A8	Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma
A9	Aplicar as técnicas de análise cultural respetando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos
A12	Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais
A14	Adquirir a capacidade de xestionar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais
B4	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións(TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida
B6	Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñibles para resolver problemas cos que deben afrontarse
B7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe
B8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
B10	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C2	Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos
C3	Demostrar un compromiso ético coas desigualdades
C4	Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade
C5	Integrar coñecementos de campos de estudos diversos
C7	Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador
C8	Adquirir a capacidade de concebir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico
C9	Desenvolver habilidades de xestión da información para propósitos académicos e de investigación

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Integrar o estudo de obras pertencentes á literatura española no plano das diferentes tradicións literarias e culturais europeas	AM1		
Poñer en relación as producións literarias con outras manifestacións artísticas e intelectuais	AM2 AM8 AM9		CM5
Tomar conciencia da continuidade e da diversidade cultural nos eixos sincrónico e diacrónico			CM3 CM4
Coñecer e utilizar con efectividade as ferramentas de estudo básicas no ámbito dos estudos literarios e culturais	AI3	BP1 BP3 BP4	
Adquirir destrezas básicas en materia de comunicación científico-académica e planificación da investigación		BP7	CM2 CI1
Explorar campos e liñas de investigación innovadoras no ámbito dos estudos literarios e culturais referidos ao mundo hispánico	AM5 AI1	BP5	CI2 CI3

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Cuestións conceptuais: literatura, cultura, tradición.	1.1. O concepto de literatura da Antigüidade ós tempos modernos. 1.2. Literatura e cultura: tradición literaria e cultural. 1.3. Diversidade de fontes.
2. Os textos.	2.1. A mandrágora. 2.2. A peonía. 2.3. Outras plantas. 2.4. Maxia animal.
3. A maxia nas fontes.	3.1. Amuletos e fórmulas máxicas na Antigüidade. 3.2. Estudo de formas e elementos compositivos das fórmulas máxicas 3.3. As 'precações' ou súplicas paganas. 3.4. Antigüidade Tardía e Idade Media: cristianización de procedementos e fórmulas. 3.5. Pervivencia da maxia antiga ata a actualidade.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	A5 A14 B7 B8 C2 C3	8	16	24
Traballos tutelados	A12 B4 B10 C8 C9	0	21	21
Lecturas	A1 A2 A8 B6 C4 C7 C5	0	5	5
Sesión maxistral	A1 A2 A8 A9	7	15	22
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	Reservarase unha parte das sesións presenciais para o debate de cuestións concretas relativas aos contidos previamente expostos. Asimesmo, proporase ós estudantes a preparación previa de certos aspectos que serán tratados en sesións posteriores, efectuando, por exemplo, procura de información sobre un tema dado. Estas actividades terán unha dinámica de traballo en grupo.



Traballos tutelados	Os estudantes elaborarán un traballo, coa orientación do profesor e sobre un tema acordado previamente. O traballo estará centrado en algún aspecto da elaboración, transmisión e recepción dun tema da tradición cultural ou literaria, preferentemente dentro do dominio cultural hispánico.
Lecturas	A instancia do profesor, os estudantes realizarán por conta propia a lectura de fontes bibliográficas, que poderán estar referidas ben a aspectos xerais da materia ou ben ao tema do traballo tutelado. Unha parte destas lecturas constituirán a base para levar a cabo sesións de debate en aulas presenciais. Outra parte terá carácter complementario e poderá ser realizada durante o período que media entre o fin das aulas presenciais e o prazo establecido para a avaliación.
Sesión maxistral	O profesor destinará as sesións maxistras a expor oralmente os contidos dos temas e subtemas. Empregará instrumentos auxiliares como textos, documentos gráficos ou sonoros, remisión a páxinas web ou guions en formato power-point. A exposición razoada estará aberta ao debate e á aclaración de dúbidas plantexadas polos estudantes.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Os estudantes contarán coa asistencia do profesor para a programación e supervisión do traballo tutelado. A tal efecto concertaranse en cada caso titorías específicas ao longo do segundo cuatrimestre. Antes de iniciar o traballo o alumno asistirá a unha titoría presencial para acordar co profesor o tema e mais o calendario de realización e entrega.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Aprendizaxe colaborativa	A5 A14 B7 B8 C2 C3	Valorarase o grado de participación dos estudantes na discusión e debate durante as sesións destinados ao efecto. Especial importancia terá a capacidade de síntese, o grado de competencia na argumentación oral e a habilidade para resolver problemas ou conflitos.	20
Sesión maxistral	A1 A2 A8 A9	Valorarase a asistencia e a participación activa dos estudantes nas sesións presenciais.	10
Traballos tutelados	A12 B4 B10 C8 C9	No traballo individual elaborado por cada estudante serán tidos en conta os aspectos seguintes: a) a corrección na expresión escrita e na configuración editorial do documento; b) a claridade e a exposición ordenada dos argumentos; c) o rigor e a profundidade da argumentación; d) a adecuación aos contidos da materia.	50
Lecturas	A1 A2 A8 B6 C4 C7 C5	Os estudantes darán conta das lecturas obrigatorias a través da elaboración de fichas específicas ou, no seu caso, facendo uso evidente da información, valorado polo profesor, na elaboración do traballo tutelado.	20

Observacións avaliación



Os estudantes que se matriculen na modalidade de dispensa académica concertarán ao inicio do cuatrimestre -e sempre antes do inicio do período de clases- unha tutoría presencial co profesor para establecer un calendario de actividades e de tutorías que permitan seguir o cumprimento dos obxectivos da aprendizaxe. A avaliación realizarase en función unicamente das metodoloxías 2: Traballos tutelados (65%) e 3: Lecturas (35%). Neste caso as lecturas terán carácter específico, á marxe dos traballos tutelados.

Os criterios para a avaliación en segunda oportunidade serán os mesmos que os aplicados á primeira en canto ao traballo tutelado, é dicir, o 50 % da nota final. As cualificacións obtidas nas restantes metodoloxías serán compensadas na segunda oportunidade cun traballo específico sobre lecturas asignadas explicitamente polo profesor para tal fin, é dicir, para compensar o 50 % restante da calificación. No caso de detectarse plaxio ou deshonestidade académica por parte dun estudante, este será cualificado cun suspenso (nota numérica de 0,0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto si a comisión da falta prodúcese na primeira oportunidade como na segunda. Para cumprir coa normativa vixente da UDC, poderase modificar a acta da súa cualificación na primeira oportunidade cando isto fose necesario. Na convocatoria adiantada de decembro será aplicado o mesmo sistema de avaliación indicado para o alumnado con dispensa académica. Será considerado NON PRESENTADO o alumno que non presente o traballo tutelado, que deberá ser entregado presencialmente durante unha tutoría na data establecida polo profesor. O tema do traballo deberá ser acordado previamente tamén co profesor nunha tutoría específica para tal fin. A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade conforme ás indicacións da Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/>), coa que se deberá contactar nos prazos establecidos por esta unidade. Pódese contar tamén co asesoramento da titora ADI da facultade (pat.filoloxia@udc.gal).

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Curtius, E.R. (1955). Literatura europea y Edad Media latina.. México, Fondo de Cultura Económica. - Eliot, T.S. (2003). La unidad de la cultura europea notas para la definición de la cultura. Madrid, Encuentro - Highet, G. (1954). La tradición clásica: influencias griegas y romanas en la literatura occidental.. México, Fondo de Cultura Económica. - Reynolds, L.D. - Wilson, N.G. Madrid, Gredos, 1986. (1986). Copistas y Filólogos. Las vías de transmisión de las literaturas griega y latina.. Madrid; Gredos - García Jurado, F. (2015). Tradición frente a recepción clásica. Historia frente a estética. Receptor frente a lector. Nova Tellus 33/1, 2015, 11-40 - García Jurado, F. (2016). Teoría de la tradición clásica. Conceptos, historia y métodos. México, UNAM - Cristóbal, V. (2005). Tradición clásica: concepto y bibliografía. Edad de Oro 24, pp. 27-46
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Bolgar, R.R. (1954). The Classical Heritage and its Beneficiaries. Cambridge U.P. - González Rolán, T. - Saquero, P. - López Fonseca, A. (2002). La Tradición Clásica en España (siglos XIII-XV).. Madrid; Ediciones Clásicas - Kallendorf, C.W. (2007). A Companion to the Classical Tradition. Oxford, Blackwell Publishing - Signes Codoñer, J. (2005). Antiquae lectiones. El legado clásico desde la Antigüedad hasta la Revolución Francesa.. Madrid; Cátedra

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías